

NOTA¹ SOBRE O REAL DECRETO-LEI 10/2020, DE 29 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O PERMISO RETRIBUÍDO RECUPERABLE PARA AS PERSOAS TRABALLADORAS POR CONTA ALLEA QUE NON PRESTEN SERVICIOS ESENCIAIS, CO FIN DE REDUCIR A MOBILIDADE DA POBOACIÓN NO CONTEXTO DA LOITA CONTRA O COVID-19

A situación establecida no **Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo**, do Goberno de España polo que se declara o estado de alarma, e o **Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo** de medidas urxentes extraordinarias, así como a normativa autonómica publicada ao respecto, determinaron o conxunto de actividades que poden desenvolverse, as prohibidas e a relación de servizos que poden considerarse esenciais, durante o réxime de confinamento establecido para facer fronte á pandemia do coronavirus.

Polo de agora as entidades locais en base á súa autonomía, **viñeron determinando o conxunto de servizos esenciais**, e ao noso entender, **non vén a ser alterada polo recente acordo do Consello de Ministros de 29 de marzo**.

Considerando as excepcións do Anexo ao Real Decreto 10/2020, as previsións do Real Decreto non serían trasladables a servizos como:

- Subministro e Saneamento de Augas (Punto 20 do RD)
- Servizos Sociais (Punto 9) e os destinados a maiores e dependentes.
- Servizos Sanitarios (Punto 9)
- Mantemento e Subministro de Alumeado Público (Punto 1)
- Recollida de Residuos Sólidos Urbáns (Punto 18 y 25)
- Policía Local, Bombeiros, Protección Civil (Punto 7)
- Transporte Público de viaxeiros coa intensidade determinada pola excepcionalidade (Punto 6)
- Servizos de limpeza e desinfección de viarios e edificios públicos (Punto 18)
- Abastecemento e Salubridade Alimentaria (Puntos 1 e 2)
- Cemiterios (Punto 25)
- Os Servizos Administrativos necesarios para a prestación dos servizos esenciais e para o mantemento e conservación das

instalacións que paralicen a súa actividade durante o período
(Punto 25)

Calquera en función das características de cada concello, ou que así se teña considerado (Punto 25)

Igualmente sinalar o recollido na súa **Disposición adicional primeira. Empregados públicos.**

O Ministerio de Política Territorial e Función Pública e os competentes nas comunidades autónomas **e entidades locais** quedan **habilitados** para ditar as instrucións e resolucións que sexan necesarias **para regular** a prestación de servicios dos empregados públicos incluídos no ámbito de aplicación do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co obxecto de manter o funcionamento dos servicios públicos que se consideren esencias.

Por conseguinte, considérase que o persoal das administracións públicas debe encontrarse en situación de dispoñible, e susceptible de ser adscrito temporalmente a servicios necesarios.

¹ *Nota enviada aos concellos na liña da permanente colaboración e intercambio de información da FEGAMP coa FEDERACION ARAGONESA DE MUNICIPIOS, COMARCAS E PROVINCIAS (FAMCP) E A FEDERACION ANDALUZA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FAMP).*